



pre-texto 70

Dende a Programación Expandida do TRCDanza 2021 e con motivo da presentación de “Spotlight” de Can Cun Quinqué o vindeiro 24 de abril de 2021 no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, convidamos á actriz, cantante e fotógrafa Inés Salvado Gontad á elaboración deste Pre-Texto.

Inés Salvado Gontad é licenciada en comunicación audiovisual pola USC, graduada en fotografía artística na EASD Mestre Mateo e cursa estudos de interpretación en Espazo Aberto. Como cantante forma parte do Coro da Ra, do Coro Encaixe e do conxunto musical DE VACAS (Premio Martín Códax da Música 2016). Dende 2006 participa activamente en grupos de teatro universitario e afeccionado. Actualmente forma parte da compañía de teatro A Feroz e do elenco de *O Charco de Ulises*, unha produción do Centro Dramático Galego.

Inés Salvado Gontad sobre Can Cun Quinqué

Escribir isto, fixo que lle puxera palabras por primeira vez, ao que empezou sendo unha sospeita e logo se convertería en algo fundamental na miña vida. Arrincou precisamente cando coñecín ao xerme de Can Cun Quinqué, Isa e Leo.

A partir de aí, so podía pensar, que mágoa non ter descuberto a danza antes, pero que marabilla que chegara así, cas persoas axeitadas e se convertera no que sería unha revelación, compartida no tempo con eles.

A percepción do corpo e do tempo cambiaría.

O paso do tempo construíriase a partir dunha composición de movementos no espazo, da relación entre os silencios e a música. “A mellor disciplina que explica mellor o tempo” apuntaba Nietzsche.

Tempo efémero. Bailar a mesma coreografía cada día e sempre vivida de xeito diferente. Sempre bailando co eterno presente.

A danza ensinoume a converter o corpo nun vehículo capaz de manifestar o que hai fóra e dentro. E non hai erro, todas as formas gardan beleza. Movementos que nos descubren o mundo.

Xorde a necesidade de reivindicar unha procura de aquilo que está agochado en cada un de nós, de indagar nos recunchos máis reservados do noso ser, enfrontarse ás propias dificultades, particularidades e posibilidades creativas, e seguir explorando as orixes, o esencial, recuperar o máis profundo do ser humano e a súa expresión a través desta arte.

Tentar profundizar o misterio dun corpo que entra nunha clase de vida á vez extrañamente inestable e curiosamente regulada; espontánea pero sabia e certamente elaborada. O corpo pareceu separarse dos seus equilibrios ordinarios, distraéndose sen reservas e abandonándose ao que ve.

Ensináronme tamén, que as fronteiras entre o teatro, a plástica, a danza e a literatura, difumínanse nun espello que che devolve a túa imaxe ampliada, e ata certo punto, deformada das súas propias orixes, sendo e non sendo teatro, plástica, danza, literatura e mesmo filosofía.

E chegou a hora de sentarse na butaca e ver *Spotlight*. Despois deste proceso de anos, teríanse xuntado con outros dous corpos diferentes, brillantes, en parte por ser tan diferentes. E crearon ese presente. E crearon a luz. E o concepto.

E de súpeto o espectador convírtese tamén no organizador dos seus impulsos e da súa experiencia estética. Por medio da catarsis movílízase internamente.

Os bailaríns atópanse noutro mundo, que pintan as nosas miradas e eles tecen cos seus pasos e contrúen cos seus xestos.

Simplemente unha poesía xeral da acción dos seres vivos. Accións que se separan, despregan, ver corpos que posúen, que se transforman, sucesión de aspectos, a procura dos límites, das potencias instantáneas do ser... que levan necesariamente a pensar na función que lle damos ó noso espírito, nas dificultades que se plantexan, nas metamorfoses que obtemos, nos desvíos que nos achegan e nos alonxan, ás veces, simplemente do chan, da razón, da lóxica do sentido común...

Expuxeron dúbidas e preguntas.

Que pasa cando está “o foco no foco” de atención? E co exceso de iluminación, cegadora? E coa ausencia de saber máis alá? Como viven as diferentes personaxes que están de travesía cando se sinten observadas? E como conviven entre eles... na vida? E como bailaríns? Todo pasou por texturas, a deconstrucción, quietude, movemento, imaxes, fotografías, cine. Como cada pregunta.

Quedaron as dúbidas, pero aí quedou a intuición como resposta. Intuición sendo pura luz manifestándose a través do corpo mental do ser humano.

E abriuse o diálogo entre o corpo e a luz, suscitando tensións e revelacións mediadoras do que se ve e o que se pensa, sempre en terreos movedizos escritos con luz en movemento. Os corpos son visibles porque toman a luz, porque a reflexan e a posúen.

Unha danza febril que electriza todo. Entón a luz ofrécenos unha degustación universal de cores e matices en loita continua contra o baleiro ou a nada. A luz fainos rebeldes e o seu poder maniféstase no magnetismo das nosas forzas creadoras. A luz é por iso un dos nosos máis queridos símbolos de loita e revolución.

Pero a luz do sol tamén queima a materia lentamente mentres a humanidade interroga ao universo, perplexa e atónita. O Sol que sempre foi sinónimo de pureza. E de perdición. Ninguén dixo nunca por que os homes da caverna platónica non podían ver nada máis que as sombras. Pode que non soportasen a contemplación pura e directa da luz. Demasiada verdade, talvez, deixa cego.

Na luz aniña un ir cara fóra de nós e no ollo hai un ir cara dentro. Cando a luz se ispe ante os nosos ollos e ispe ao universo o que pasa no noso ollo é a nosa vida propia. E iso é extraordinario. Levamos as probas tatuadas na pel.

Lembrei tamén, dos interrogantes máis extraños e fascinantes da posibilidade de que o mundo que experimentamos estea sendo xerado pola nosa percepción do mesmo, dos atributos externos que o conforman. É posible que a realidade non exista se non está sendo observada.

Por tanto, volver ao ser, e a que o observador afecta ao observado. Cando se mide o comportamento dunha partícula por medio da observación, xa se está influíndo sobre o seu estado natural e a medida xa pode non resultar exacta.

E ata que estos fenómenos non son medidos, ata que a mirada non se pousa sobre eles, parecen permanecer nunha sorte de estado de indefinición que desafia a lóxica tal e como seres humanos tendemos a entendela.

Este estado de indefinición, son e non son, están vivos ou mortos, ondas e partículas. Coma os corpos danzantes creando presente baixo esa luz de *Spotlight*, non existen e son todo á vez.

pre-texto número 70, publicado o 19 de abril de 2021.

Este texto foi escrito por Inés Salvado Gontad para o Proxecto de Programación Expandida do TRC Danza 2021 e a súa liña de publicacións denominada “PreTextos” na que un profesional é convidado a poñer en contexto a obra dun determinado artista convidado ao programa TRC Danza, o programa estable de danza do Teatro Rosalía de Castro da Coruña.